



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Ciencias da Saúde

Grao en Terapia Ocupacional

Curso académico 2019-2020

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Perspectiva cualitativa sobre o acceso ao
traballo das persoas con discapacidade
intelectual no medio rural**

Xeila Pose García

Xuño 2020

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

Directoras

Patricia Concheiro Moscoso

Terapeuta Ocupacional

María Betania Groba González

Terapeuta Ocupacional e docente na Facultade de Ciencias da Saúde

Índice

Resumo.....	5
Resumen.....	6
Abstract.....	7
1. Introducción.....	8
1.1 Persoas con Discapacidade Intelectual	8
1.2 Emprego e DI.....	9
1.3 DI, emprego e Terapia Ocupacional	15
2 Obxectivos.....	18
2.1 Obxectivo xeral:	18
2.2 Obxectivos específicos:	18
3 Metodoloxía.....	19
3.1 Deseño de estudo.....	19
3.2 Ámbito de estudo	19
3.3 Selección de informantes.....	21
3.4 Características de cada grupo de participantes	22
3.4.1 Grupo I: persoas con DI	22
3.4.2 Grupo II: profesionais	24
3.5 Procedemento.....	25
3.5.1 Procura bibliográfica.....	25
3.5.2 Entrada ao campo	25
3.5.3 Desenrolo do traballo de campo.....	26
3.5.4 Análise da información recollida.....	26
3.5.5 Elaboración do documento final	27
3.6 Técnicas de recollida de datos.....	27

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

3.7	Consideracións éticas.....	28
4	Resultados	30
4.1	Importancia do traballo: presente e futuro	30
4.2	Discapacidade Intelectual: limitacións vs fortalezas	33
4.3	Entorno rural: impacto no traballo	35
4.4	Apoios.....	37
4.5	Barreiras	40
5	Discusión e conclusións	43
5.1	Discusión	43
5.2	Conclusións	48
6	Agradecementos	50
7	Bibliografía	51
	Apéndice I : Listado de abreviaturas.....	58
	Apéndice II: Guión entrevista para as persoas con discapacidade intelectual	59
	Apéndice III: Guión entrevista para os profesionais.....	60
	Apéndice IV: Folla de información ao participante	61
	Apéndice V: Folla de información ao participante (adaptada).....	65
	Apéndice VI: Documento de consentimento para a participación no estudo de investigación	70
	Apéndice VII: Documento de consentimento para representante legal para a participación no estudo de investigación.....	71

Resumo

Obxectivo: O obxectivo do presente estudo é explorar e describir o significado concedido ao traballo e á inclusión sociolaboral no medio rural por parte das persoas con discapacidade intelectual e dos profesionais.

Metodoloxía: Este estudo baseouse nunha investigación cualitativa e un enfoque fenomenolóxico. O traballo realizouse entre novembro do 2019 e xuño do 2020. Os participantes foron persoas con discapacidade intelectual e profesionais do ámbito. As técnicas de recollida de información foron as entrevistas semiestruturadas e o caderno de campo.

Resultados: Despois de analizar a información emerxen unha serie de categorías que explican o fenómeno de estudo: “Importancia do traballo: presente e futuro”, “Discapacidade Intelectual: limitacións vs fortalezas”, “Entorno rural: impacto no traballo, “Apoios” e “Barreiras”.

Conclusións: Este estudo proporciona información sobre a importancia do traballo na vida das persoas con discapacidade. Resáltase a importancia que lle atribúen ao traballo as persoas con discapacidade intelectual e as barreiras engadidas na inclusión laboral no medio rural.

Palabras clave: Terapia Ocupacional, Discapacidade Intelectual, Entorno Rural e Traballo.

Tipo de estudo: Traballo de investigación.

Resumen

Objetivo: El objetivo del presente estudio será explorar y describir el significado concedido al trabajo y a la inclusión sociolaboral en el medio rural por parte de las personas con discapacidad intelectual y de los profesionales.

Metodología: Este estudio se ha basado en una investigación cualitativa y un enfoque fenomenológico. El trabajo se ha llevado a cabo entre noviembre de 2019 y junio de 2020. Los participantes fueron personas con discapacidad intelectual y profesionales del ámbito. Las técnicas de recogida de información han sido las entrevistas semiestructuradas y el cuaderno de campo.

Resultados: Después de analizar la información emergen una serie de categorías que explican el fenómeno de estudio: “Importancia del trabajo: presente y futuro”, “Discapacidad Intelectual: limitaciones vs fortalezas”, “Entorno rural: impacto en el trabajo”, “Apoyos” y “Barreras”.

Conclusiones: Este estudio proporciona información sobre la importancia del trabajo en la vida de las personas con discapacidad. Se resalta la importancia que le atribuyen al trabajo las personas con discapacidad intelectual y las barreras añadidas en la inclusión laboral en el medio rural.

Palabras clave: Terapia Ocupacional, Discapacidad Intelectual, Entorno rural y Trabajo.

Tipo de estudio: Trabajo de investigación.

Abstract

Objective: The aim of this study will be to explore and describe the meaning, which is given to work and socio-labor inclusion in rural area by people with intellectual disability and professionals.

Methodology: This study based on qualitative research and a phenomenological approach. It was carried out between November 2019 and June 2020. The participants were people with intellectual disability and professionals from the field. Information collection techniques have been semi-structured interviews and field notebooks.

Results: After analyzing the information, a number of categories emerge that explain the phenomenon of study: "Importance of work: present and future", "Intellectual Disability: limitations vs strengths", "Rural environment: impact on work", "Supports" and "Barriers".

Conclusions: This study provides information on the importance of the work in the life of people with disability. It highlights the importance that people with intellectual disabilities attribute to work and the added barriers to the inclusion of work in a rural area.

Keyword: Occupational Therapy, Intellectual Disability, Rural environment and Employment.

Type of study: Research work.

1. Introducción

1.1 Persoas con Discapacidade Intelectual

As persoas poden presentar unha determinada condición de saúde, como pode ser a Discapacidade Intelectual (DI)¹ ou o Trastorno do Desenvolvemento Intelectual. No Manual Diagnóstico e Estatístico dos Trastornos Mentais (DSM-5) recóllense os criterios diagnósticos que se presentan para o diagnóstico de DI. Nesta versión a DI defínese como un trastorno do neurodesenvolvemento e elimínase a terminoloxía de “retraso mental” para referirse a persoas con DI (1).

As persoas con DI presentan (A) “deficiencias nas funcións intelectuais, como o razoamento, a resolución de problemas, a planificación, o pensamento abstracto, o xuízo, a aprendizaxe académica e a aprendizaxe a partir da experiencia” e (B) “deficiencias no comportamento adaptativo” (1). As dificultades no comportamento ou conducta adaptativa relaciónanse con dificultades nas habilidades sociais, prácticas e conceptuais e co funcionamento e autonomía persoal nas actividades da vida diaria. A última especificación dos criterios diagnósticos para persoas con DI é que estas dificultades “iníciense durante o período de desenvolvemento” da persoa (1).

As persoas con DI poden presentar diagnósticos asociados como trastornos neurocognitivos maiores ou leves, trastornos do espectro autista, trastornos da comunicación ou trastornos específicos do aprendizaxe (1).

En función das dificultades e fortalezas que presenta a persoa con DI no funcionamento adaptativo e das necesidades de apoio requiridas, detállanse niveis de funcionamento na vida cotiá nos dominios conceptuais, sociais e prácticos: leve, moderado, grave ou profundo (1).

Segundo o informe da Base Estatal de Datos de Persoas con valoración do Grao de Discapacidade (BEDPD) do 2017, en España hai un total de 273.418 persoas que presentan DI (representando un 8,6% da poboación

¹ O listado de abreviaturas atópase no Apéndice I

con discapacidade); destas 157.184 son homes e 116.234 mulleres. A maioría de persoas con DI teñen idades comprendidas entre os 35 e 64 anos. En Galicia, existen 11.356 persoas con DI, o que representa un 4,1% da poboación con discapacidade na comunidade autónoma (2).

Mediante os avances sobre os novos conceptos propostos pola Asociación Americana de Discapacidades Intelectuais e Desenvolvemento (AAIDD), para referirse a DI e o axuste dos criterios diagnósticos, prodúcese un cambio de paradigma. Este cambio influíu noutros sistemas tales como o DSM, a Clasificación Internacional das Enfermidades (CIE) ou a Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde (CIF). Polo tanto, a concepción reducionista, centrada nas características ou “patoloxía” das persoas, evoluciona a unha concepción integracionista, onde o ambiente ten un papel importante, e basease nun enfoque multidimensional no que se introduce o concepto de apoios (3).

Os apoios, considerados como un dos eixes centrais deste cambio de paradigma, son definidos como as estratexias que promoven a autonomía, a inclusión e a participación social; e melloran a calidade de vida da persoa con DI (3,4).

1.2 Emprego e DI

Neste documento serán utilizadas palabras como emprego, traballo, posto laboral ou actividade laboral para referirse a un concepto similar. O emprego, seguindo a Real Academia Galega (RAG), é “a actividade á que unha persoa se dedica e pola que cobra un soldo” (5). O emprego recóllese no Marco de Traballo como unha área de ocupación (6), sendo esta de gran relevancia na etapa adulta. Así mesmo, no Marco de Traballo da American Occupational Therapy Association (AOTA), Christiansen & Townsend definen o emprego como “unha labor ou esforzo; [...]; ocupacións comprometidas que se realizan con ou sen recompensa financeira” (6). A maiores, existen autores que explican o traballo como unha área na que se pode intervir e avaliar dende Terapia Ocupacional (TO) (7).

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

Segundo a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH), no artigo 23, o traballo é un dereito, e todas as persoas teñen recoñecida a igualdade de oportunidades en materia de emprego (8). Ademais, na Constitución Española (CE) aparece reflexado no artigo 35.1 este dereito (9).

Segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) do ano 2018, 1.899.800 persoas con discapacidade encóntranse en idade de traballar, isto supón o 6,3% da poboación total en idade laboral, dos cales 654.600 son activos (10). A taxa de actividade das persoas con discapacidade no 2018, foi dun 34,5%, sendo 43 puntos inferior á da poboación sen discapacidade. A taxa de emprego nas persoas con discapacidade foi de 25,8%, máis de 40 puntos inferior á das persoas sen discapacidade. Por outra parte, un 25,2% das persoas con discapacidade estaban en paro fronte ao 15,1% da poboación sen discapacidade (véxase Figura 1) (10).




Figura 1: Comparación taxas de Actividade, Emprego e Paro entre a poboación con discapacidade e sen discapacidade

Fonte: Instituto Nacional de Estatística, ano 2018

En canto ao sexo, destácase que non existen grandes diferenzas entre as taxas de actividade (35,1% homes fronte 33,6% mulleres), emprego (26,2% homes fronte 25,2% mulleres) e paro (25,4% homes fronte 25% mulleres) dos homes e mulleres con discapacidade (10). Por outro lado, segundo os

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

datos por tipo de municipio do ano 2014, obsérvase que as áreas de poboación dispersa contan cun 34,7% de paro nos colectivos con discapacidade, mentres que, nas áreas densamente poboadas existe un 29,9% de paro (10).

As estatísticas de emprego das persoas con discapacidade do INE demostran que aínda existen taxas elevadas de desemprego para este colectivo. No seguinte gráfico (véxase Figura 2), pode observarse a evolución das taxas de paro dende o ano 2015 ata o 2018. Resáltase que nos últimos anos, estas taxas diminuíron con respecto a anos anteriores, nos que a crise económica provocou unhas elevadas taxas de desemprego neste colectivo (10).




Figura 2: Paro en persoas con discapacidade

Fonte: Instituto Nacional de Estatística, 2018

Na Figura 3 compárase as taxas de emprego entre as persoas con DI e outro tipo de discapacidades. As persoas con DI presentan unhas taxas de emprego (20,2%) máis baixas ca outros colectivos con discapacidade, como por exemplo as persoas con discapacidade física (31,4%) ou discapacidade sensorial (41.3%). (10).

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural




Figura 3: Taxa de emprego segundo tipo de discapacidade, ano 2018

Fonte: Instituto Nacional de Estatística; 2018

Aínda que o porcentaxe de emprego segue sendo baixo, obsérvase que existe un crecemento desta taxa nos últimos anos, tendo un progreso positivo nas taxas de emprego das persoas con DI (véxase Figura 4) (10).




Figura 4: Emprego en persoas con DI

Fonte: Instituto Nacional de Estatística; 2018

O crecemento das taxas de emprego e a diminución das taxas de paro pode deberse a diferentes factores como por exemplo, ás medidas de acción

positiva para a inclusión laboral, recollidas na Lei Xeral dos dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. Esta lei ten por obxecto “garantir a igualdade de oportunidades, o cumprimento dos dereitos das persoas con discapacidade en relación cos demais cidadáns mediante a promoción da autonomía persoal, a accesibilidade universal, o acceso ao emprego e a inclusión na comunidade, entre outras” (11). As medidas de acción positiva céntranse na promoción do emprego para as persoas con diversidade funcional. Existen medidas para o Emprego Ordinario (EO), como a cota de reserva de postos laborais ou o “Emprego con Apoio”; para o Emprego Protexido, como poden ser os Centros Especiais de Emprego (CEE) ou o enclave laboral; e para o Emprego Autónomo (11).

Ademais das medidas de acción positiva establécense medidas de protección social que tamén aparecen recollidas na Lei Xeral dos dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. Como por exemplo, servizos de atención domiciliaria, servizos de residencias, centros de día e de noite ou servizos de orientación e información. Estes servizos diríxense tanto ás persoas con discapacidade como ás familias, co fin de mellorar a súa calidade de vida e benestar social (11).

Os Centros Ocupacionais (CO) forman parte destas medidas de protección social. Os CO teñen como obxectivo “garantir os servizos de terapia ocupacional e de axuste persoal e social das persoas con discapacidade, co fin de alcanzar o seu máximo desenvolvemento persoal, e facilitar a capacitación e preparación para o acceso ao mundo laboral” (11). As normas que deberán cumprir os CO serán establecidas polas administracións públicas. Así mesmo, tanto a administración pública como as entidades sen ánimo de lucro, serán as encargadas do funcionamento e creación dos centros en cuestión (11).

A evidencia científica consultada céntrase na importancia da formación e dos diferentes apoios que suporían unha transición axeitada á etapa adulta.

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

Aínda que non todos se centran exclusivamente en persoas con DI, existen estudos que explican estes aspectos na discapacidade en xeral.

A revisión sistemática de Nevala et al (12) sobre a efectividade de intervencións no emprego para persoas con DI, refire que unha formación académica adecuada é un factor que, xunto coa experiencia laboral e os servizos de apoio persoal, aumenta as oportunidades laborais das persoas con DI. Ademais, a revisión identifica como barreiras para o emprego de persoas con DI os seguintes aspectos: orientación habitual ao traballo protexido sen ter en conta os intereses, a discriminación na experiencia vocacional, o uso da ensinanza na clase e a experiencia laboral deficiente durante o período escolar. Mentres que, o apoio da familia, a capacitación laboral, o entorno laboral ben deseñado, ou a apreciación do traballo considéranse facilitadores para a obtención dun emprego.

Existen diferentes enfoques de intervención para mellorar as habilidades no emprego durante os anos de transición dende as escolas a etapa adulta. Enfatízase a importancia da tecnoloxía e outros tipos de metodoloxías educativas como os vídeos, os audios ou os sistemas de autoxestión, e tamén, destácase a formación en vivo (formación directa, comunicación aumentativa e alternativa, etc.) (13). Negri et al (14), resaltan a relevancia do liderado dos docentes de Formación Profesional Básica, xa que mediante a mellora da formación, actúan como mediadores entre os contextos laborais e escolares, e como axentes que educan ao alumando con DI en habilidades e competencias sociopersoais que facilitan a súa inserción no mundo laboral.

Riaño et al (15) expoñen que o grao de adaptabilidade no traballo relacionase coa sociabilidade, co grao de actividade e coa empatía, así como tamén, inflúen aspectos familiares, culturais ou sociais da persoa. Polo que, os autores resaltan a importancia dun plan individualizado de inserción para o alumnado, no que se englobe a adquisición de competencias profesionais e sociopersoais, que promovan e faciliten a transición á vida activa.

En diversos artigos expóñese a importancia do apoio da familia para lograr unha mellor calidade de vida das persoas con DI e destácase o papel dos profesionais como un rol máis comunitario e interdisciplinar (16). Ademais, nestes artigos sostense a importancia da figura dos pais como papel activo na procura dun posto laboral para os seus fillos, xa que son as persoas que máis coñecen as habilidades que estes posúen. Aínda que, en ocasións a implicación na inserción laboral conleva un esgotamento físico e mental, que os leva a desentenderse dos seus roles. Por iso, é importante aumentar as redes de apoio social para reducir os niveis de estrés experimentados polas familias (17).

A motivación e a autodeterminación son factores importantes á hora de desenvolver e adquirir un posto laboral. A motivación xunto co efecto da autoeficacia teñen consecuencias positivas nas persoas con DI sobre a responsabilidade polos resultados e a importancia do traballo (18). Así mesmo, Álvarez et al (19) sosteñen que a autodeterminación é un dereito, que apoiado polas familias, inflúe positivamente no desempeño de habilidades e na toma de decisións por parte das persoas con DI. Non obstante, é importante guiar ás familias no proceso xa que as crenzas dos proxenitores e as dinámicas familiares impactan no funcionamento cotiá das persoas con DI.

Ruiz et al (20), propoñen un perfil con varias competencias claves para a figura do asistente persoal, xa que a independencia e autonomía é algo que as persoas con DI valoran de forma positiva. O papel dun asistente persoal, contribuiría a mellorar a autonomía e a vida independente das persoas con DI; conseguindo, deste xeito, empoderamento e mellora da autonomía.

1.3 DI, emprego e Terapia Ocupacional

Nun dos posicionamentos da World Federation of Occupational Therapists (WFOT) sostense a efectividade da TO no ámbito laboral, debido a que as habilidades da disciplina se centran na ocupación e no desempeño humano. Os servizos proporcionados dende TO na área de traballo teñen en conta a persoa, o empregador e o ambiente onde se leva a cabo o

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

traballo. Entre os servizos facilitados atópanse, a avaliación do posto laboral, a orientación aos empregadores para as diferentes modificacións necesarias, os programas para potenciar habilidades, as intervencións no lugar de traballo e a orientación dos usuarios, entre outras (21).

As investigacións focalizadas na TO con persoas con DI para promover o emprego é escasa. Existen estudos locais como o de Morán (22), no que se aborda o emprego das persoas con DI dende unha perspectiva persoal, profesional e empresarial; e como o estudo de Concheiro (23) que se centra no impacto do traballo e das medidas de acción positiva na vida das persoas con DI. Sen embargo, ambos estudos están realizados nunha contorna urbana e non contemplan a situación do traballo e as persoas con DI no medio rural.

Varios artigos sosteñen a importancia da figura do terapeuta como parte do equipo interdisciplinario de educación, contribuindo nas tarefas diarias dos escolares; estudos de asesoramento nos postos de traballo e análise do entorno físico ou social; ou investigacións centradas en proporcionar pautas de avaliación da cada alumno para o ingreso nun taller laboral. Así mesmo, identifícase a importancia da figura do TO como mediador entre as partes involucradas (empresa, escola, alumno e familia), para favorecer a integración sociolaboral na comunidade (24–26).

No estudo de Mann e Svorai (27) preséntase un proxecto específico, “COMPETE”, que é un programa realizado e dirixido por terapeutas ocupacionais, que ten como finalidade capacitar nas habilidades laborais, obtendo resultados positivos na inserción laboral das persoas con DI.

Os CO, como servizos de protección social e de transición ao emprego, son centros clave para promover a preparación para o mundo laboral. Sabina (28) refire que o traballo que realizan os terapeutas ocupacionais nos CO, son a avaliación e a planificación do tratamento dos usuarios na área de Axuste Persoal e Social. Nesta área considéranse aspectos vinculados ás áreas ocupacionais e os compoñentes do desempeño, as habilidades sociais, os aspectos relacionados co desempeño laboral, a formación e

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

integración laboral, así como tamén a súa autonomía persoal e social. Así mesmo, os profesionais terán que estar en contacto e coordinarse coas áreas de apoio psicosocial e emprego, para poder realizar un traballo interdisciplinar.

2 Obxectivos

2.1 Obxectivo xeral:

- Explorar e describir o significado concedido ao traballo e á inclusión sociolaboral no medio rural por parte das persoas con DI e dos profesionais.

2.2 Obxectivos específicos:

- Investigar a percepción sobre o traballo, a inclusión sociolaboral e as experiencias das persoas con DI no medio rural.
- Coñecer as percepcións dos profesionais sobre a inclusión sociolaboral das persoas con DI no medio rural.

3 Metodoloxía

3.1 Deseño de estudo

Este estudo baseouse nunha investigación cualitativa e nun enfoque fenomenolóxico. A selección deste tipo de metodoloxía xustifícase co obxectivo de estudo, que se fundamenta en coñecer e comprender unha situación social, a través da visión dos propios suxeitos que a viven. Ademais, preténdese comprender o valor que lle dan os suxeitos a un dereito humano como é o traballo, ao igual, que os pensamentos que mostra o entorno relacionado, concretamente, os profesionais do ámbito. Na investigación cualitativa, considérase o fenómeno como un conxunto completo véndoo como un todo. Ademais “busca unha comprensión detallada de tódalas perspectivas, téndoas en conta todas por iguais” (29). Os métodos cualitativos salientan a importancia da comunicación entre o investigador e os participantes como parte fundamental do resultado do coñecemento. Así mesmo, na interpretación da información téñense en conta observacións e impresións de campo, consideracións ou as subxectividadeas tanto do investigador como dos participantes (30).

O estudo sitúase nun paradigma fenomenolóxico, onde se estudan as perspectivas dos participantes con DI e dos profesionais, que están relacionados coas persoas con DI e o traballo. O enfoque fenomenolóxico céntrase en comprender o significado que teñen os sucesos para as persoas que están sendo estudadas (31).

3.2 Ámbito de estudo

O ámbito de estudo circunscríbese a unha entidade de atención a persoas con diversidade funcional, que inclúe a persoas residentes nunha zona rural de Galicia; en concreto a persoas residentes nas comarcas de Bergantiños, Soneira e Fisterra, pertencentes a Costa da Morte (véxase Figura 5).



Figura 5: Localización xeográfica do ámbito de estudo

O entorno rural considérase como o “espazo xeográfico formado pola agregación de municipios ou entidades locais menores, definidos polas administracións competentes que teñan unha poboación inferior a 30.000 habitantes e unha densidade inferior a 100 habitantes por km²” (32). Polo que, este estudo realizouse dentro da contorna rural de Galicia, xa que os núcleos rurais dos diferentes concellos pertencentes a Costa da Morte teñen unha densidade de 90 habitantes por km².

A entidade onde se realizou o estudo é unha asociación sen ánimo de lucro que ofrece servizos a persoas con diversidade funcional na etapa adulta. Entre os seus valores resaltan o compromiso social, a igualdade, a defensa dos dereitos e a participación social na comunidade.

Entre as súas iniciativas destaca o fomento da inserción laboral para as persoas con diversidade funcional. A entidade ofrece diferentes servizos, entre eles, conta cun CO que ten como finalidade mellorar a formación e adquirir diferentes habilidades ocupacionais para conseguir unha inclusión laboral e social das persoas con diversidade funcional, sendo a maioría persoas con DI.

A entidade tamén conta cun CEE, onde se busca a integración laboral no mercado ordinario de traballo, proporcionando ás persoas con diversidade funcional a realización dun traballo produtivo e remunerado, acorde as súas características.

3.3 Selección de informantes

O tipo de mostraxe empregado neste estudo foi o mostraxe teórico. Este é un proceso no que se recollen os datos para crear unha teoría; tras a análise destes datos, decídese que perfíles e contextos de informantes concordan máis co fenómeno de estudo (30).

Na Táboa I e na Táboa II, móstranse os criterios de inclusión e exclusión seguidos para a selección de cada grupo de participantes.

Táboa I: Criterios de inclusión e exclusión para persoas con DI

	Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
Grupo I: persoas con DI	<ul style="list-style-type: none"> • Estar en idade laboral. • Presentar motivación para o emprego ou estar nun entorno que promova formación para o emprego. 	<ul style="list-style-type: none"> • Dificultades de comunicación e comprensión significativas que impidan levar a cabo a entrevista. • Non firmar o Consentimento Informado (CI).

Táboa II: Criterios de inclusión e exclusión para profesionais

	Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
Grupo II: profesionais	<ul style="list-style-type: none"> • Presentar unha titulación no ámbito sociosanitario e/ou ter un cargo de xestión ou administración en centros asociados a DI. • Traballar en centros relacionados con servizos de emprego ou centros ocupacionais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ter menos de medio ano de experiencia laboral. • Non firmar CI.

3.4 Características de cada grupo de participantes

3.4.1 Grupo I: persoas con DI

As persoas que participaron neste estudo foron un total de 18, sendo 8 homes e 10 mulleres. As idades dos participantes están comprendidas entre os 20 anos e os 45, con unha idade media de 28,8 (DT=8.06) (véxase Táboa III).

A excepción dun participante, a maioría dos entrevistados nunca traballaron nun posto ordinario, pero realizaron prácticas formativas. Catro dos participantes traballaron durante un período curto nun CEE. Un participante presenta un posto laboral nun EO, e os 17 restantes atópanse desempregados e participan nun CO.

Os participantes presentan un grao de DI leve (n=13) e moderada (n=5) .

Na Táboa III pódese consultar a información das variables de sexo, idade e nivel de gravidade por participante.

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

Táboa III: Características das persoas con DI

Código	Sexo*	Idade	Grao DI
U1	M	31	Leve
U2	M	21	Moderada
U3	F	26	Leve
U4	M	36	Leve
U5	M	24	Leve
U6	F	45	Moderada
U7	M	30	Leve
U8	F	23	Leve
U9	F	35	Leve
U10	F	22	Leve
U11	F	28	Leve
U12	F	20	Leve
U13	F	41	Leve
U14	F	40	Moderada
U15	M	21	Moderada
U16	M	22	Moderada
U17	F	35	Leve
U18	M	20	Leve

* F: feminino/M: masculino

3.4.2 Grupo II: profesionais

Os profesionais que participaron neste traballo pertencen a entidade onde se realizou o estudo, tendo estes relación directa coas persoas con DI.

Entrevistáronse a un total de 8 profesionais, sendo todas as entrevistadas mulleres, con idades comprendidas entre os 24 anos e os 55 anos. A idade media é de 39 anos (DT=10.99). Todas as profesionais teñen máis de medio ano de experiencia, sendo a media de 10.19 anos de experiencia (DT=7.92).

As profesionais que participaron neste estudo foron logopeda (n=1), terapeutas ocupacionais (n=2), educadora social (n=1), traballadora social (n=1), administrativa (n=1) e coidadoras (n=2). Na Táboa IV pódense consultar estas variables de maneira detallada por participante.

Táboa IV: Características dos profesionais

Código	Sexo*	Idade	Experiencia (anos)
P1	F	29	3
P2	F	39	12
P3	F	47	9
P4	F	55	24
P5	F	24	6 meses
P6	F	40	15
P7	F	29	3
P8	F	49	15

* F: feminino

3.5 Procedemento

O presente traballo levouse a cabo durante oito meses, comezando en novembro do 2019 e finalizando en xuño do 2020. O procedemento desenrolado descríbese posteriormente, a través das fases de investigación.

3.5.1 Procura bibliográfica

Realizouse unha procura bibliográfica en diferentes bases de datos, tales como: PubMed, Scopus, Web of Science, OtSeeker Dialnet, Cochrane e Lilacs. Á hora de facer a procura usáronse os seguintes termos específicos (tanto en inglés como en castelán): empleo/employment/job/work, discapacidade intelectual/intellectual disability, terapia ocupacional/occupational therapy, barreras e facilitadores/ barriers or facilitators, traballo vocacional/ vocational job.

Para realizar as combinacións e obter unha procura precisa, empregáronse os operadores booleanos “AND” e “OR”, e os descritores Mesh (vocabulario propio da base de datos PubMed).

Co fin de obter o estado da evidencia actual sobre a situación das persoas con DI no ámbito do emprego, na procura só tivéronse en conta os artigos publicados nos últimos dez anos.

A maior parte dos artigos atopados foron cos termos de emprego e DI. Os resultados con “traballo vocacional” e “barreiras e facilitadores” foron moi escasos.

Consultáronse tamén páxinas webs como o Ministerio de Saúde e Benestar Social, Instituto Nacional de Estatística (INE) ou a Organización das Nacións Unidas (ONU).

3.5.2 Entrada ao campo

Tras a experiencia da alumna durante algunhas das súas estancias prácticas relacionadas co ámbito da DI, xorden diferentes cuestións relacionadas co emprego e coa percepción que teñen as persoas con DI sobre o acceso ao mundo laboral. Por isto, decídese realizar este traballo

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

para dar resposta as preguntas expostas. Para a procura dos participantes, contactouse co centro no que a alumna estaba a realizar as Estancias Prácticas VII do Grao en TO. Deste xeito, dúas das traballadoras do centro actuaron como porteiras para facilitar o acceso ao campo, seleccionando así os participantes do grupo de DI e dos profesionais do ámbito.

3.5.3 Desenrolo do traballo de campo

Unha vez seleccionados os participantes do estudo que cumprían os criterios de inclusión, levouse a cabo o proceso de CI, explicándolles de forma detallada o estudo, e solicitándolles a súa participación voluntaria.

A partir da aceptación da participación no estudo, a través da firma do documento de CI, marcáronse as citas para realizar as entrevistas. A alumna reuniuse de maneira individual con cada participante para realizar a entrevista individual e recoller a información precisa para dar resposta aos obxectivos expostos. Desta forma, púidose coñecer as vivencias das persoas con DI en relación co traballo e coñecer a perspectiva dos profesionais sobre a situación laboral das persoas con DI no medio rural.

O presente traballo pretendía incluír como informantes aos potenciais empregadores de sectores privados e públicos do medio rural, pero por mor da situación de crise derivada polo COVID 19 anuláronse as citas concertadas previamente.

3.5.4 Análise da información recollida

A información obtívose a través das entrevistas realizadas. Ditas entrevistas foron transcritas, codificadas e anonimadas en relación aos datos que permitisen a identificación dos participantes. Empregouse un código alfanumérico correlativo co fin de manter o anonimato dos participantes. Fixáronse os seguintes códigos para cada grupo de informantes: para o grupo de persoas con DI fíxose uso do código U (1-18) e para o grupo dos profesionais, P (1-8).

Para a análise da información usouse o método indutivo no que o razoamento parte do particular ao xeral, para crear as diferentes teorías ou

hipóteses. No enfoque indutivo en primeiro lugar, recóllese información do centro de información. “As hipóteses non se crean con anterioridade e as variables interesantes non están predeterminadas; xa que os resultados emerxen dos propios datos, a partir do razoamento indutivo” (31).

A análise dos datos desenvólvese en varias etapas diferenciadas: en primeiro lugar, identifícanse temas e desenvólvense conceptos; despois, codifícanse os datos e por último, procúrase a interpretación dos datos no contexto onde se recolleron (29). Para isto, a alumna transcribiu as entrevistas e anonimizou a información. Unha vez, realizadas as transcricións, a alumna e as directoras analizaron a información de maneira individual, para así, poder obter os códigos individuais tras a análise das entrevistas. Finalmente, púxose en común a análise, creando así as categorías finais, que aparecerán detalladas no apartado de resultados.

Flick (30) expón que a través da triangulación emerxen diferentes perspectivas teóricas que se poden entender como diferentes formas de alcanzar o fenómeno de estudo. Deste xeito, “a triangulación de perspectivas fai que se aumente a atención ao fenómeno estudado, por exemplo, reconstruíndo os puntos de vista dos participantes e analizando posteriormente as situacións compartidas nas interaccións” (30).

3.5.5 Elaboración do documento final

Unha vez analizada a información recollida anteriormente, emerxeron os resultados do estudo. Ditos resultados permitiron completar a discusión e comparar con outros artigos xa publicados, e as conclusións do propio estudo, dando resposta aos obxectivos expostos.

3.6 Técnicas de recollida de datos

As técnicas de recollida de datos empregadas foron as entrevistas semiestruturada e o caderno de campo.

A entrevista semiestruturada presenta un maior grao de flexibilidade, xa que parte de preguntas expostas, podendo así, adaptarse aos entrevistados, motivar ao interlocutor, aclarar termos ou reducir

formalismos. Ademais, teñen a suficiente validez para interpretar e dar resposta aos obxectivos do estudo (33).

Neste estudo elaboráronse 2 guións de entrevistas: un guión para o grupo de persoas con DI e outro para o grupo de profesionais. Cabe destacar que ao realizar o guión da entrevista para os participantes con DI intentouse realizar preguntas abertas, co obxectivo de facilitar a comprensión e garantir o dereito de autodeterminación (34).

O material usado para a realización das entrevistas foi o seguinte:

- Guión de entrevista para persoas con DI (véxase Apéndice II: Guión entrevista para as persoas con discapacidade intelectual).
- Guión de entrevista para profesionais (véxase Apéndice III: Guión entrevista para os profesionais).
- Gravadora.

3.7 Consideracións éticas

Para a elaboración deste traballo tivéronse en conta a Declaración de Helsinki (35) e a Convención de dereitos humanos e biomedicina do Consello de Europa (36). Ambos documentos sosteñen principios éticos para a investigación con seres humanos, garantindo a súa integridade, dereitos e liberdades fundamentais.

Co fin de garantir os aspectos éticos da investigación, empregouse o proceso de CI con todos os participantes. Para a elaboración dos documentos pertinentes seguiuuse os modelos de documentación do Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia (CEIC de Galicia), que pertence ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

Para isto, elaborouse unha folla de información ao participante e o documento de CI para cada un dos grupos que participaron. No caso do grupo de persoas con DI, realizouse unha folla de información adaptada que segue os principios da lectura fácil; de tal forma que se resaltaron os conceptos máis relevantes, simplifícase a lectura e facilitouse a súa comprensión. Por outro lado, tamén se realizou un CI para o representante

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

legal, para o caso dos participantes que estivesen en situación de incapacidade legal. A continuación móstrase a relación dos documentos realizados e o apéndice correspondente para poder consualtalos:

- Folla de información ao participante (véxase Apéndice IV: Folla de información ao participante).
- Folla de información ao participante adaptada seguindo os principios de lectura fácil (véxase Apéndice V: Folla de información ao participante (adaptada)).
- Folla de consentimento informado (véxase Apéndice VI: Documento de consentimento para a participación no estudo de investigación).
- Folla de consentimento informado para representante legal (véxase Apéndice VII: Documento de consentimento para representante legal para a participación no estudo de investigación).

Durante todo o estudo seguiuuse o Regulamento Xeral de Protección de Datos (Regulamento UE 2016-679 do Parlamento europeo e do Consello do 27 de abril do 2016) (37), e a normativa española de Protección de Datos de Carácter Persoal, Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro (38). Durante o estudo os datos foron codificados, unha vez rematado o estudo, anonimizáronse os datos e eliminouse a documentación que permitía a identificación dos participantes.

Para a realización das entrevistas, os participantes tiveron que consentir a súa gravación en formato audio no propio documento de CI. Destácase que unicamente a alumna tivo acceso e puido consultar ditas gravacións as veces necesarias para as análises realizadas. Unha vez rematado o estudo, as gravacións foron destruídas cumprindo, deste xeito, cos aspectos éticos da investigación.

4 Resultados

Despois de analizar as entrevistas emerxen categorías que explican o fenómeno de estudo dando lugar aos resultados. As categorías resultantes foron: “Importancia do traballo: presente e futuro”, “Discapacidade Intelectual: limitacións vs fortalezas”, “Entorno rural: impacto no traballo”, “Apoios” e “Barreiras”.

As categorías están apoiadas en *verbatim*s extraídos das transcripcións realizadas aos participantes. Para garantir o anonimato, empregouse un código alfanumérico correlativo, e co fin de identificar os diferentes grupos, usáronse distintas letras: para o grupo de persoas con DI (U) e para o grupo de profesionais (P).

4.1 Importancia do traballo: presente e futuro

O traballo é unha área de ocupación (6) á que se lle concede importancia e significado relevante na etapa adulta ao outórgalle un gran valor persoal e social. Así como tamén é un dereito que aparece recollido na DUDH (8) e no artigo 35.1 da CE (9).

En todos os discursos dos participantes, tanto no grupo de profesionais como no grupo de persoas con DI, coincide que o traballo é unha ocupación moi importante na vida das persoas, xa que achégalles independencia, autonomía, estabilidade de fronte ao futuro, seguridade neles mesmos ou sentirse realizados como persoas.

“conseguir unha meta pa chegar a algo na vida” (U2)

“valor, pois...poder ganar para a vida e poder...e...vivir...e poder independizarte” (U1)

“pois a min estabilida, xa che dixen o principio, seghuiridad en min misma, síntome útil, que valo” (U8)

“é imprescindible para eles, para desenvolverse como persoas, é dicir, todos necesitamos ser útiles, e para ser útiles pois temos que desenvolver algún tipo de traballo. Ben sexa dun tipo ou doutro, hai persoas con DI que a maiores teñen outro tipo de limitacións físicas, psíquicas... entón, pois todos teñen que acceder a un traballo, pero adaptado y con uns apoios” (P2)

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

“si, as persoas con DI deberían ter un traballo, xa polo feito de sentirse realizados e poder levar unha vida independente, aínda que so sexa economicamente, y poder xestionarse un pouco eles mismos” (P6)

Os participantes con DI destacan o factor económico como o beneficio principal de ter un posto laboral. Deste xeito, sosteñen que grazas aos ingresos económicos que recibirían por ter un emprego, poderían axudar á economía familiar, reducindo así os gastos da mesma. Tamén, consideran que ter un salario proporcionaríalles máis autonomía á hora de comprar ou pagar gastos sen ter que depender de ninguén.

“cosas así como ee axuda familiar...eee menos ghastos pa miña familia por exemplo, a miña nai, ee menos que ghaste ela, e que lle axude máis para os ghastos” (U4)

“pois moito, púdenme independizar, e polo menos teño os meus aforriños e podo ghastalos no que me sala a min, bueno que os podo ghastar vamos” (U8)

“máis libertad, ter un traballo fijo, non depender de nadie ee que máis? Os cartos para pagar o piso, para todo en general” (U12)

A maioría dos participantes con DI nunca tiveron emprego debido á falta de oportunidades laborais. As persoas con DI refiren que a única experiencia que tiveron en ámbitos laborais foron a realización de prácticas en sectores de carpintería, xardinería ou alimentación. Aínda que, nalgúns casos detállanse breves períodos relacionados con traballos de limpeza en CEE.

“estuve haciendo un curso de limpieza en (cita el CEE)” (U1)

“no, non tiven experiencias de traballo” (U12)

“sobre eee... esto... como se chama... cando fixen aquí jardinería” (U2)

Algo importante a destacar é que a maioría dos participantes atópanse nun CO, considerado como unha medida de protección social. Os participantes valoran positivamente esta posibilidade considerándoa un traballo en si mesmo. Pero tamén se refire que a decisión de acudir a este servizo podería ser considerada como non autodeterminada, difícil e desmotivante ao ter que renunciar a posibilidade de atopar un traballo remunerado.

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

“ee e aí fui pa abaixo todo, por culpa que estuven na casa cuidando de miña abuela eee eee pos xa acabou, e miña nai dixo que que entraba nun sentro dentro de pouco, cando morriu miña abuela...e dixer eu, bueno ir pa un sentro e non ter que traballar, xa me caiu o mundo encima.” (U4)

Ante a falta de experiencia laboral das persoas con DI, no discurso das profesionais entrevistadas emerxe o emprego adaptado, con apoio e accesible como a vía para fomentar a inserción laboral neste colectivo. As profesionais consideran importante o emprego adaptado e con apoio, xa que, perciben que o acceso ao emprego ordinario é difícil ou, practicamente, utópico. Ademais, sosteñen que mediante este tipo de emprego, dáselle a oportunidade de traballar a máis persoas. Así mesmo, consideran necesarias as adaptacións nos postos laborais, a proporción de axudas para adquirir certas habilidades persoais e profesionais, así como a formación e o acompañamento á hora de buscar e manter un emprego, para que as persoas con DI poidan desempeñar un traballo.

“dependendo desa discapacidade intelectual, do tipo do grao que sea, se é máis leve, máis moderada ou profunda, obviamente hablamos dunha discapacidade ee que lle permita facer, o sea as súas funcións no traballo non? No traballo adaptado, estamos falando de traballos adaptados en todo momento. Entón, si penso que con moita formación, con moita paciencia, hai profesionais que se adican a formar a persoas con DI, ben dentro do propio entorno da empresa, ou ben fora en centros pois concertados non? Entón, pois eu penso que é a vía máis inmediatea, a formación deles. Saber cales son os seus puntos fortes e potenciais.” (P4)

“home, pois creo que todo depende do posto que realice, non? E o posto que foran a desempeñar, formalos un pouco e dirixilos para poder desenrolarse o mellor posible na actividade y adaptalo. Seguramente necesite unhas adaptacións y axuda” (P6)

“orientaría sempre con emprego con apoio, xa o dixer, e creo que é importante a figura de emprego con apoio. De feito, daríalles a oportunidade de traballar a dúas persoas” (P8)

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

Por outro lado, nos discursos do grupo de persoas con DI identifícase unha certa dependencia das familias e a falta de autodeterminación na toma de decisións. Algunhas persoas con DI refiren comentarios e expresións negativas das súas familias, en relación á procura e á obtención dun posto laboral, considerándoos como non aptos para desenrolar un traballo e resaltando o aspecto físico como unha barreira para a obtención dun traballo.

“a ver, non vales pa o traballo, non sirves pa esto” (U4)

“ofreséronme un traballo en (lugar) a traballar, e dixéronlle meus pais que no, que está lexos” (U5)

“que me contan? Pois que teño que faser ejersisio, teño que moverme máis teño que ... pouco a pouco ir a pouco a pouco” (U3)

4.2 Discapacidade Intelectual: limitacións vs fortalezas

As persoas que presentan unha DI teñen dificultades no funcionamento intelectual e no comportamento adaptativo (1). No grupo das profesionais, contemplan a DI como unha discapacidade con limitacións a nivel cognitivo, que repercuten na vida diaria das persoas.

“pois son persoas que teñen unha serie de limitación para exercer a súa vida diaria” (P2)

“para min a DI é unha discapacidade que afecta ao sistema cognitivo das persoas” (P3)

“pois a DI, é aquela discapacidade que teñen algunhas persoas y que non son capaces de desenrolarse ao mellor, en certas actividades da vida, como é ir á compra ou facer xestións simples y necesitan apoio ou supervisión.” (P6)

As fortalezas pódense entender como aspectos que apoian a participación en ocupacións significativas (39). Nos discursos obsérvanse a existencia de dificultades para que o grupo de persoas con DI identifique fortalezas neles mesmos; na maioría de discursos non resaltan ningunha fortaleza como tal. Non obstante, identifican limitacións como por exemplo, dificultades á hora de poñerse a traballar, aspectos do seu físico que

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

deberían cambiar para poder optar a un posto laboral ou que, a miúdo, se cansan con facilidade ao realizar certas tarefas.

“y era estar de pie delante de las maquinatas, mientras no tenga que moverme mucho... a mi” (U1)

“A min o que me costa é polo físico” (U3)

“...o malo é que eu aí nesa temporada estaba ghordiño e doíame a espalda como area e estaba todo o día de pe” (U4)

“porque son moi... son moi vago” (U2)

“que me costa un pouco traballar” (U14)

Así mesmo, existe unha diferenza con respecto á autopercepción e a percepción doutros no relacionado ao desempeño ocupacional. No grupo de profesionais, a maioría coinciden en que as persoas con DI séntense inútiles, que teñen unha visión negativa do seu propio desempeño, unha autoestima baixa e pensan que non teñen capacidades para poder desempeñar un emprego.

“bueno, eles xeralmente pois suelen ter unha autoestima bastante baixa e daquela pensan que non teñen as capacidades para poder alcanzar un emprego. Pero bueno, traballando con eles esa autoestima, as habilidades sociais e laborais pois creo que podemos traballar eso, esa percepción.” (P1)

“pois a maioría sintense persoas inútiles, e así cho fan saber. Y máis as persoas que os rodean, e os seus familiares, así llo fan ver na maioría dos casos.” (P2)

Sen embargo, este tipo de pensamentos sobre a autopercepción e o desempeño non se reflicten nos discursos das persoas con DI. Os participantes con DI refiren que a sociedade ve de maneira positiva o desempeño laboral que realizan os colectivos con discapacidade, e consideran factible que as persoas con DI teñan un posto de traballo. Así mesmo, os informantes reivindican a igualdade de oportunidades para todos.

“que la gente con DI tenga un trabajo, lo ven bien, no lo ven mal” (U15)

“que tamén teñen dereito a ter un traballo. Todos sono iguaes” (U12)

Sen embargo, os participantes que tiveron algunha experiencia laboral, teñen unha percepción diferente sobre a visión das persoas con DI na sociedade, sendo esta visión máis negativa. Nestes discursos, pódese observar o descoñecemento xurdido cara as persoas con DI por parte da comunidade. Os participantes comentan que a sociedade refírese a este colectivo con adxectivos despectivos como “inútil” e que, nalgúns casos, pénsase que as persoas con DI non poden realizar unha determinada actividade laboral, debido a carencia de habilidades.

“eu creo que a ver, hai moita xente que pensa que non podemos pero despois de que te ve traballando e todo sabes? Din, joba pois si que pode sabes?” “teñen moito prejuicio cos que temos unha discapacidade. Porque creen que non podemos facer unha cousa e si que podemos, e secadra mellor que eles, ca unha persona que non teña discapacidade.” (U8)

“...e la mitad de ella seguro que piensa mal porque somos como somos...” (U1)

4.3 Entorno rural: impacto no traballo

A dispersión xeográfica, a falta de recursos ou a escaseza de industria no medio rural son barreiras identificadas polos participantes que dificultan a inserción laboral e que son parte do entorno rural no que participan.

Na maioría dos *verbatim*s percíbense diferenzas entre a zona rural e a zona urbana con respecto a obtención dun posto laboral. Os participantes sosteñen que na zona rural a maioría de oportunidades laborais están relacionadas con temas de agricultura e gandería, debido ao despoboamento, a existencia de menos industria, menos empresas, e menos servizos a onde poder acudir.

“o mercado laboral no rural está súper limitado, non temos industria, non temos servizos. En que traballan as persoas con DI do rural? Pois en sectores como agricultura, gandería ou limpeza” (P2)

“si, considero que no ámbito urbán é un pouco máis sinxelo, porque bueno, as persoas vivimos como vivimos, hai moita máis xente. O rural

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

está máis despo... como se di? Despoblado. Está a xente marchando cara pobos máis grandes ou cidades máis grandes [...]” (P4)

Existe unha visión dicotómica entre as profesionais sobre a actividade laboral realizada no rural. Por un lado, varias participantes concordan en que as actividades de agricultura e gandaría son favorables para as persoas con DI, xa que son traballos máis mecánicos e, ademais, consideran que sería máis fácil para as persoas con DI adaptarse e desempeñar ese posto laboral. Sen embargo, outros informantes sosteñen que estes traballos son máis complicados de adaptar en relación a traballos realizados noutras macroempresas, polo que supón unha dificultade.

“si, a ver, a nivel rural xa o tipo de traballo que se pode exercer xa é máis dificultoso que no urbano”. “Non é tan fácil adaptar o traballo do rural como o traballo dunha macroempresa” (P6)

“no rural sempre temos moitas menos empresas, moitas menos empresas dee... como se chaman, que monten todo en cadena sabes? Pois por exemplo unha persona con DI, sempre se vai desenvolver moito máis se lle das un puesto fijo e sempre ten que estar facendo a mesma tarefa [...]” (P5)

Por outro lado, un tema no que concordan tanto o grupo de persoas con DI como o das profesionais, son as dificultades que poden ter as persoas para desprazarse, debido á falta de servizos de transporte público e á dispersión xeográfica existente no medio rural galego. Os participantes comentan que, aínda que existe algunha liña de transporte público, o horario é moi restrinxido e en ocasións as paradas habilitadas requiren doutro desprazamento engadido. Algunhas profesionais refiren que en moitos casos, precísase dun transporte adaptado ou dunha terceira persoa que os poida axudar a acudir ao posto laboral, polo que a falta de estes recursos supón unha barreira para poder desprazarse e reduce as posibilidades de acceder a un emprego.

“sobre todo o tema dos desplazamientos, creo que é algo fundamental. Se vives nunha zona urbana xa é todo máis accesible porque podes usar os medios de transporte públicos ou tes o teu posto de emprego preto e

podes ir andando. En cambio, as persoas con DI que viven no rural, a maioría carecen de vehículo, carnet de conducir, non teñen quen os leve aos postos de traballo, e daquela a dispersión xeográfica é un dos factores que máis inflúen a que eles non poidan acceder a un traballo”.

(P1)

“Y á hora de moverse, polas mañáns si teñen que chegar a un posto laboral desde o rural, necesitaran unha persoa que os leve, porque aquí non, bueno, polo menos no máis rural non existe, transporte urbano nin adaptado y todo xa sería moitísimo máis custoso” (P6)

4.4 Apoios

Os apoios poden entenderse como os “recursos e estratexias que fomentan o desenvolvemento, educación, intereses e benestar persoal dun individuo para mellorar o seu desenvolvemento individual” (3). Na maioría dos discursos das persoas con DI obsérvase que existen dificultades para identificar apoios.

No grupo das profesionais concordan na importancia de orientar as persoas con DI para a procura dun emprego, traballando con eles as habilidades sociais e dándolle apoio na elaboración do currículo ou no uso das redes sociais para a procura dun traballo. As profesionais resaltan tamén, a importancia da formación e de ter en conta os seus gustos e intereses á hora de buscar un emprego, aumentando así a súa motivación na procura dun posto laboral.

“Pois traballando con eles dende o máis básico que son as habilidades sociais e despois pois dándolles apoio na elaboración de currículum, apoio na búsqueda de emprego a través das redes sociais, apoio á hora de ir ás entrevistas, de acompañalos, na búsqueda de empresas” (P1)

“primeiro, pois ver as aptitudes e actitudes que ten el. É dicir, o que lle gusta, gustos, intereses, vocación e todo eso. Porque sempre se van incentivar máis por un traballo que lles gusta, que por un que non lles gusta, e se lle implanta directamente” (P5)

A orientación laboral que recibe o grupo de persoas con DI por parte das profesionais, céntrase na preparación das oposicións, proporcionando

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

coñecementos básicos para a organización e realización dos exames. Ademais, trabállanse habilidades sociais e persoais nos diferentes talleres ocupacionais, que repercuten na súa vida diaria e na comunidade.

Os cursos de formación e preparación das oposicións proporcionados por parte do centro, son valorados de forma moi positiva e considerados como apoios para adquirir coñecementos, para poder presentarse ao exame e para poder optar aos postos ofrecidos pola administración pública. Ademais, os participantes destacan a motivación e os ánimos proporcionados pola entidade para buscar un posto laboral.

“para estudar (solapamiento) e proporsionaron unha especie de exámenes pa que fixeras pa que fixera-” (U4)

“mediante as oposicións” (U5)

“pues, cursos, ánimos, ayudas, también me dieron lo de las oposiciones y los cursos estes de...no me sale ahora...eee estes exámenes como se llaman? No me sale ahora-” (U1)

Por outro lado, nos discursos, a familia percíbese como un apoio natural da vida diaria, aínda que, na gran maioría dos *verbatim*s obsérvanse dificultades para identificalos de xeito explícito como un apoio no procedemento de procura ou acceso a un emprego.

“da miña familia non sei, creo que non. Aquí do sentro si que levo teño moito apoio pa ter un traballo, pero da miña casa creo que non” (U4)

Nos discursos dos participantes con DI emerxe a figura dos compañeiros do centro, estes percíbense como amizades da vida diaria. Nalgúns discursos existen dificultades para identificalos como un apoio para a procura de emprego, aínda que algúns participantes perciben aos compañeiros como un apoio ante dificultades na realización dunha determinada tarefa durante as prácticas profesionais, proporcionándolle axuda no desenvolvemento da actividade que se estaba realizando.

“bueno me ayudaban allí porque no sabía, me enseñaban” (U15)

“me ayudaba mi compañera” (U10)

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

No grupo das profesionais, resáltase o apoio do entorno próximo da persoa con DI como un factor clave para a súa inserción laboral. As profesionais sosteñen que ante a falta do apoio por parte da familia ou do entorno máis próximo, como complemento, existen diferentes recursos como o centro no que traballan para conseguir unha mellor calidade de vida das persoas con DI a nivel emocional, persoal, laboral ou social.

“O factor máis importante xa parte da estimulación que teñan no seu propio entorno no? Y logo se non o teñen, afortunadamente hai unha serie de recursos legais y de solución para, para que estas persoas non queden afastadas da sociedade, non? Bueno, e no mundo que me movo ahora de diversidade funcional, dende a miña asociación traballamos como un equipo que loitamos porque estas persoas teñan unha calidade de vida tanto emocional, afectiva, laboral y social, moito mais elevada, en todos os niveis.” (P4).

É importante resaltar a coincidencia nos discursos das profesionais da importancia da disciplina de TO como apoio na inserción laboral das persoas con DI. As profesionais destacan a intervención da TO na adaptación dos postos laborais, na proporción de diferentes apoios nas habilidades sociais, ou na simplificación das tarefas. Así como tamén, resáltase que é de gran relevancia orientar aos empresarios e proporcionarlles pautas sobre como podería desenvolver un posto laboral unha persoa con DI.

“pois sobre todo apoio ese que precisan ó adaptar o seu posto laboral e podedes orientar ós empresarios e darlles unhas pautas de como pode encaixar esa persoa pois no seu posto de emprego” (P1)

“pois no traballo diario con esas persoas, o traballo de habilidades sociais, é dicir, o básico xa nas habilidades sociais, traballar con eles esas cousiñas básicas para o acceso ó mundo laboral” (P2)

Nos discursos tanto das profesionais como das persoas con DI, expoñen a importancia das medidas e axudas proporcionadas para fomentar a inserción laboral; aínda que se percibe coñecementos específicos e concretos sobre estas medidas. En relación coas medidas de acción

positiva, os participantes coñecen superficialmente as medidas existentes, a través das entidades privadas como por exemplo, COGAMI ou a Fundación María Xosé Xove. As medidas nomeadas nos discursos dos profesionais son a porcentaxe de persoas con discapacidade que teñen que ter contratados no caso de que a empresa supere os 50 traballadores, ou o emprego protexido e con apoio.

“pois mira, medidas para a inserción laboral coñezo a que unha empresa maior de 50 traballadores ten que ter un 2% da plantilla con discapacidade y agora mesmo os CEE pódolles dicir. Ee ee non se me ocorre agora mesmo algunha máis” (P7)

“home, eu supoño que hai varias, pero eu a máis inmediata que coñezo é a de COGAMI, é unha delas. Logo tamén temos a asociación María Xosé Xove, que teñen un convenio con TO, a fundación Paideia... Afortunadamente hai y logo as asociacións que descoñezo, que non nomeo porque as descoñezo, pero que sí, que supoño que están interesadísimas.” (P4)

4.5 Barreiras

Nos discursos dos informantes, sobre todo no grupo das profesionais, aprécianse certas barreiras actitudinais de cara ao colectivo das persoas con DI. Ademais, nos *verbatim*s refírese que certas actitudes negativas e prexuízos sobre o colectivo de persoas con DI e sobre as súas capacidades, por parte das familias, dos potenciais empregadores e da propia sociedade, xeran falta de oportunidades laborais. Parte das profesionais sosteñen que, en ocasións, o único interese que mostran as empresas para contratar a unha persoa cunha determinada discapacidade son as retribucións económicas que reciben. Ante esta situación, as profesionais consideran imprescindible traballar e concienciar ao sector empresarial, facéndolles ver que as persoas con DI son totalmente válidas para poder desenvolver un posto laboral.

“o primeiro que hai que facer é concienciar e traballar co sector empresarial, porque o principal problema que se encontran as persoas con discapacidade e que xa nin as chaman para as entrevistas” (P1)

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

“Venos como persoas inservibles, para as empresas é unha traba, o único que lles interesa ás empresas das persoas con discapacidade son as retribucións económicas e as reducións que poden ter como empresarios” (P2)

“eu penso que as barreiras máis importantes muito é a sociedade vamos. Que pensa que unha persoa con discapacidade intelectual non pode facer o mesmo que unha persoa que non a teña. E todos temos discapacidades, vamos” (P3)

Outra das barreiras actitudinais que emerxe nos discursos das profesionais é sobre o tipo de discapacidade, subestimándose as persoas con DI. Algunhas profesionais pensan que unha persoa con outro tipo de discapacidade, como por exemplo a discapacidade física, sería máis apta para realizar un determinado posto laboral, polo que, identifican que presentar discapacidade intelectual vincúlase con menos oportunidades laborais pola percepción da sociedade.

“eu penso que todavía non están aceptadas as persoas con, sobre todo, con DI y salud mental nos postos de traballo” (P5)

“a ver, a nivel intelectual creo que son os que teñen máis barreiras porque, calquera empresa prefire unha persoa con discapacidade física, que unha persoa con DI. Porque seguramente, a capacidade para aprender y poder facer o traballo sea moitísimo máis dificultosa para unha persoa con DI.” (P7)

Nos discursos das persoas con DI, recóllese que, en moitas ocasións, a sociedade descoñece as capacidades que teñen as persoas con DI para levar a cabo certas tarefas, polo que, estes deben de demostrar as habilidades e capacidades que teñen no desenvolvemento de diferentes actividades laborais.

“hombre a ver, o conto este da discapacidad a xente tíranche moito pa atrás por culpa de que non vai poder facer esto, non vai poder facer o outro. Eu aínda tuven o problema co jefe, que o jefe tiña medo que a da forza non pudiera ou sabes? Porque hai traballos de forza alí , e pensou

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

que tal , e eu díxenlle hombre eu de forza estou ben. Pero bueno sempre se botan así pa atrás por ter a discapacidad” (U8)

A falta de formación reglada das persoas con DI considerase unha barreira que dificulta o acceso a un posto laboral, xa que moitos traballos requiren dun mínimo de formación. A formación previa dos participantes é escasa, e non contan con títulos de educación básica. A formación actual que realizan, céntrase na adquisición de competencias clave básicas ou na preparación dos exames para as oposicións. As persoas con DI comentan que o centro proporcionalles cursos formativos, como por exemplo xardinería, onde adquiren coñecementos específicos.

“pues, mi dificultad basicamente es que... por suerte o por desgracia estoy sin graduado y eso me dificulta mucho el acceso al trabajo” (U1)

“ ee deron o que son os libros ghordos como aqueles, ee para estudiar (solapamiento) e proporsionaron unha especie de exámenes pa que fixeras pa que fixera, para as oposicións” (U4)

Outra das barreiras emerxentes no discursos é a falta de servizos de transporte públicos como se mencionou na categoría “Entorno rural: impacto no traballo”. Os participantes con DI resaltan a falta do permiso de conducir como unha barreira que dificulta o desprazamento e o acceso e mantemento dun posto laboral.

“ Si ahora estou esperando polo carnet de coche” (U5)

“no, non teño carnet, pero teño coche propio, pero sin o conducir” “se teño coche quería ter carnet...[...].” (U4)

5 **Discusión e conclusións**

5.1 **Discusión**

Este estudo de investigación pretendeu explorar e describir o significado concedido ao traballo e á inclusión sociolaboral no medio rural por parte das persoas con DI e dos profesionais. As aportacións dos mesmos detállase no apartado de resultados, e a continuación discútese os aspectos máis relevantes.

Seguindo a evidencia científica, existe unha evolución no paradigma de atención as persoas con DI, no que se expón unha concepción interaccionista onde se destaca a importancia do ambiente e dos apoios (3). Este cambio de paradigma e evolución do concepto pódese ver reflexado nos discursos dos profesionais do ámbito á hora de explicar que significa para eles o concepto de DI.

Sen embargo, a pesar de que se comeza a ver unha evolución no cambio de paradigma, albíscanse aspectos dun paradigma anterior na práctica da realidade laboral. Así mesmo, nos discursos dáse importancia e céntranse nas limitacións, barreiras ou dificultades das persoas con DI.

Na evolución do paradigma, destácase a importancia do comportamento adaptativo, sendo este un dos criterios diagnósticos da DI. As deficiencias no comportamento adaptativo conlevan ao incumprimento dos estándares socioculturais e de desenvolvemento para a autonomía persoal e responsabilidade social (1). Nos resultados obsérvase que os participantes sosteñen que existen varias limitacións á hora de levar a cabo unha determinada tarefa, e que a miúdo se cansan con facilidade ou que se identifican como “vagos”. Por iso, é fundamental traballar certas habilidades nas intervencións levadas a cabo, para deste xeito poder facilitar a inserción laboral das persoas con DI.

Ademais, algúns discursos dos profesionais e das persoas con DI, consideran que a sociedade e, sobre todo, os potenciais empregadores teñen actitudes negativas cara o colectivo de persoas con DI e pensan que non teñen certas capacidades para poder realizar determinadas tarefas,

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

considerándoos como non aptos para desenvolver un posto laboral. Isto pódese relacionar coa escasa e desactualizada información sobre o colectivo de persoas con DI (10).

Nos discursos de todos os participantes recóllese a importancia que lle dan as persoas con DI ao traballo nas súas vidas. O factor que máis destacan os participantes con DI ao feito de poder optar a un posto laboral, é o beneficio económico. Do mesmo xeito que o estudo de Concheiro (23), nos discursos concórdase na autonomía e independencia que a achega económica lle da ás persoas con DI, sendo un factor moi importante nas súas vidas. Así mesmo, os participantes valoran positivamente ter uns ingresos en ambos estudos, podendo manexalos independentemente sen depender dunha terceira persoa. En contraposición no estudo de Morán (22), o beneficio económico non se resalta como principal a principal achega do traballo.

Por outro lado, os participantes reivindican o dereito ao traballo, e a igualdade de oportunidades para todas as persoas de poder optar a un posto laboral, tal e como se recolle nos seguintes documentos como son a DUDH (8) e a CE (9), onde o traballo aparece recollido como un dereito universal. Sen embargo, a realidade é que hai unha falta de oportunidades laborais, en ocasións, debido aos prexuízos da sociedade que imposibilitan o seu acceso ao traballo, negándolles así o dereito ao mesmo e provocando desigualdades sociais na comunidade.

Tanto a evidencia consultada como os resultados, concordan en que existen unha serie de barreiras que dificultan o acceso ao mundo laboral das persoas con DI.

Unha das principais barreiras que pode influír e dificulta a inserción laboral, é a situación de crise económica vivida no país durante os últimos anos, que como consecuencia provocou a existencia de menos oportunidades laborais. A pesar de que nos últimos anos estes porcentaxes melloraron, aínda seguen existindo baixas taxas de emprego sobre todo para os colectivos minoritarios, como é o caso da DI (10). Na actualidade existen

diferentes medidas de acción positiva para dar solución a este problema, como poden ser os CEE, o enclave laboral, a reserva de cotas, a contratación de persoas segundo número de traballadores, etc.(11). Sen embargo, nos resultados sosteñen que en certas ocasións estas medidas non son levadas a cabo polas empresas, e polo tanto, séguese sen crear oportunidades laborais. A diferenza do estudo de Concheiro (23) no que os participantes teñen descoñecemento das medidas de acción positiva, neste estudo o grupo das profesionais coñecen algunhas das medidas de acción positiva. Aínda así, o coñecemento explícitado polos participantes nos discursos é superficial e, incluso, se confunden aspectos da lexislación (por exemplo: identifican que algunhas medidas son impulsadas por organismos privados e non polo propio estado).

A falta de experiencia laboral e de educación básica supón tamén unha barreira que dificulta a inclusión laboral. A maioría dos participantes non tiveron ningunha experiencia anterior asociada ao traballo e non obtiveron títulos educativos básicos. Consultada a bibliografía sostense a importancia dunha educación inclusiva e en igualdade para favorecer as oportunidades laborais das persoas na etapa adulta (12,13,15).

A ausencia de autodeterminación reflexada nos participantes, supón unha barreira importante á hora de poder optar a un posto laboral, xa que en determinadas ocasións pode chegar ao punto de rexeitar un emprego por decisións tomadas en exclusiva por persoas do seu entorno máis inmediato. Así como tamén se observan dificultades á hora de identificar fortalezas neles mesmos. Como se reflexa na evidencia, o apoio da autoderminación por parte da familia ten resultados favorables para conseguir e mellorar a toma de decisións por eles mesmos (19).

Por outro lado, Concheiro (23) reflexa no seu estudo a importancia que se lle atribúe a familia como apoio, ao igual que en diferentes estudos consultados, no que o rol da familia é determinante para poder acadar un emprego (16,17). Sen embargo, nos resultados obtidos podemos comprobar que existe unha dificultade para clasificar a familia como un

apoio á hora de poder acadar un emprego. Nos resultados, o apoio da familia concíbese como un apoio na propia vida da persoa.

Á hora de facilitar a inserción laboral é importante ter en conta determinados aspectos como son adaptar o entorno laboral, e que este estea ben deseñado. Na evidencia recóllese a importancia destes aspectos como facilitadores á hora de poder conseguir un posto laboral (12). Nos resultados obtidos coincide coa bibliografía na importancia que lle dan os participantes a que un posto laboral sexa accesible e que estea adaptado ás características de cada persoa.

Así mesmo, na evidencia consultada, sostense a importancia da figura do terapeuta ocupacional de cara a transición a etapa adulta. O rol do terapeuta ocupacional como parte do equipo interdisciplinario de educación contribúe a mellorar a transición e a capacitación laboral (24). Ademais, resáltase a avaliación do posto de traballo, as capacidades dos participantes e o análise do entorno físico e social desde a disciplina de TO (26). Así mesmo, a WFOT expón a efectividade da TO no ámbito laboral. Entre os servizos que se poden ofrecer están a avaliación do posto laboral, orientar aos empregadores para as diferentes modificacións necesarias, programas para potenciar habilidades, intervencións no lugar de traballo e orientación dos usuarios, entre outras (21).

Os resultados, polo tanto, concordan coa bibliografía consultada, sostendo a importancia da disciplina de TO para poder mellorar a inserción laboral das persoas con DI e como parte fundamental do equipo de traballo para acadar así unha transición exitosa á etapa adulta. Ademais, nos resultados expónse a importancia de traballar co sector empresarial para dar solución ao descoñecemento das habilidades das persoas con DI, e o subestimado que está este colectivo se se compara con persoas con discapacidade sobrevidas a partir doutras condicións de saúde.

En canto á zona rural, existe unha barreira específica que se centra na dificultade das persoas para desprazarse, debido a que moitos non dispoñen de permiso de conducir e non existe transporte público para dar

solución a este problema. En relación con isto, na bibliografía consultada recóllese a importancia da autonomía reflexada na figura dun asistente persoal, neste caso, sería de utilidade dita figura para que deste xeito poidan dispoñer dunha terceira persoa e poder desprazarse, ben sexa, ao seu posto laboral ou a realizar calquera outra actividade do seu día a día, dando así solución a falta de transporte urbano ou a ausencia do permiso de conducir (20).

Por outro lado, nos resultados existe unha visión dicotómica na que se expón que a actividade laboral realizada no rural pode ser beneficiaria para as persoas con DI, ou tamén pode prexudicalos á hora da inserción laboral. No primeiro caso, sosteñen que a actividade de gandaría ou agricultura da zona rural, é óptima como unha oportunidade laboral xa que están máis acostumados a este tipo de traballo. Sen embargo, outros explican que é un traballo con bastante desgaste físico, polo que, sería óptimo para eles realizar tarefas noutra empresa na que o traballo se centrase en desenvolver unha tarefa en cadea, facilitando deste xeito a súa comprensión do traballo e que sexa máis doado o mantemento de dito posto.

Por último, nos resultados deste estudo atópanse as seguintes limitacións:

- Imposibilidade de entrevistar ao grupo de potenciais empregadores co que xa se iniciara o proceso de investigación, debido á situación de crise sanitaria provocada polo COVID-19.
- Dificultades de acceso ás familias ou persoas de referencia implicadas na vida das persoas con DI participantes no estudo.
- O contexto de produtividade dos participantes con DI vincúlase, na maioría dos casos, cun CO. Esta realidade é importante, pero exclúe a persoas con DI en activo.
- Presenza de información incompleta nas entrevistas das persoas con DI, debido ás dificultades de comprensión e ás tendencias nas súas respostas.

Por tanto, propóñense futuras liñas de investigación para afondar máis neste tema, como son ampliar este tipo de investigación tendo en conta aos potenciais empregadores, as familia e a informantes con DI con experiencia laboral previa, así como tamén coñecer a opinión das autoridades políticas sobre este tema. Asemade, tamén se podería afondar no estudo do compromiso do sector empresarial para cumprir as medidas que se lle esixen á hora de contratar persoas con diversidade funcional; realizar un traballo onde se compare a perspectiva dun ámbito laboral e urbano e levar a cabo un traballo cunha metodoloxía mixta.

5.2 Conclusións

Despois de realizar a presente investigación, chegouse as seguintes conclusións:

En primeiro lugar, as persoas con DI valoran moi positivamente o traballo, reivindicano como un dereito e manifestan a igualdade de oportunidades que deberían ter con respecto ao resto da sociedade. Deste xeito, resaltan a necesidade de que se proporcionen máis axudas, e de mecanismos efectivos que permitan garantir a lexislación vixente en materia de inserción laboral. Ademais, destácase a importancia do beneficio económico que lle aportaría un posto laboral, e que promovería a súa autonomía e independencia.

As persoas con DI no medio rural pertencen a un grupo no que as oportunidades laborais son escasas ou practicamente inexistentes. Os informantes describen a falta de formación reglada, o escaso apoio familiar, a carencia de autodeterminación, ou a falta de transporte público e adaptado como factores que dificultan a inclusión laboral do colectivo con DI. Ademais, nalgunhas situacións pódense albiscar prexuizos sociais, sobre todo, por parte dos potenciais empregadores debido ao descoñecemento que teñen sobre a actividade laboral realizada por persoas con DI.

En canto ás medidas de acción positiva, destácase que, aínda que, os profesionais coñecen algunhas destas medidas, en xeral, adoitan

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

ser descoñecidas. Polo que, é necesario levar a cabo accións que promovan o seu coñecemento nos sectores sociais, empresariais e de contratación para a inclusión laboral das persoas con DI.

Por último, salientase a importancia do papel da TO como apoio para mellorar a inserción laboral, tratando a adaptación do posto laboral e do entorno e brindando apoio para manter un posto laboral, entre outras. Así como tamén a importancia da TO no ámbito educativo. É importante traballar en futuras investigacións, para poder mellorar e guiar a práctica profesional neste ámbito.

6 Agradecementos

En primeiro lugar dar as grazas as miñas titoras, Patricia e Beti, pola vosa sabedoría, por deixarme descubrir o maravillosas persoas que sodes e por apoiarme e tranquilizarme en todo o proceso.

A todos os participantes neste estudo, especialmente ás persoas con DI, sen vós este traballo non tería sentido, grazas por compartir as vosas experiencias comigo.

Á miña familia e ás amigas, por apoiarme sempre ante todas as circunstancias. E en especial a meus pais e a miña irmá, por confiar en min e apoiarme sempre. Pero sobre todo por non deixar renderme cando as cousas non ían ben ao comezar esta aventura. Sodes os mellores.

A Lucía, Lidia, Paula e Raquel, por facer que A Coruña sexa casa, por apoiarme e escoitarme, sodes unhas grandes amigas. Grazas por acompañarme durante estes catro anos.

E especialmente, a ti. Porque sei que es a persoa que sempre me coidou e me segue coidando dende onde esteas. Quérote.

7 Bibliografía

1. American Psychiatric Association. Trastornos del neurodesarrollo. En: DSM-5, Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales. 5º edición. Panamericana; 2018. p. 31-41.
2. Subdirección general de planificación, ordenación y evaluación del Instituto de Migraciones y Servicios Sociales (IMSERSO). Base estatal de datos de personas con valoración del grado de discapacidad [Internet]. 2017 [citado 12 de abril do 2020]. Disponible en: https://www.imserso.es/InterPresent1/groups/imserso/documents/binario/bdepcd_2017.pdf
3. Verdugo MÁ, Schalock RL. Últimos avances en el enfoque y concepción de las personas con discapacidad intelectual. Revista Española sobre Discapacidad Intelectual [Internet]. 2010 [citado 20 de abril do 2020];41(4):21. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3348606>
4. Thompson JR, Bradley VJ, Buntinx WHE, Schalock RL, Shogren KA, Snell ME, et al. Conceptualizing supports and the support needs of people with intellectual disability. Intellectual and Developmental Disabilities [Internet]. 2009 [citado 20 de xuño do 2020];47(2):135-46. Disponible en: <https://pubmed.ncbi.nlm.nih.gov/19368481/>
5. Real Academia Galega. Galicia; 2012
6. American Occupational Therapy Association. Occupational therapy practice framework: Domain & Process. 3rd edition. Am J Occup Ther [Internet]. 2014 [citado 12 de abril do 2020];68(1):48. Disponible en: <http://www.terapia-ocupacional.org.ar/wp-content/uploads/2014/05/3ª-Edicion-Marco-de-Trabajo-2013.pdf>
7. King P, Olson D. Trabajo. En: Schell B, Guillen G, Scaffa M Willard & Spackman Terapia Ocupacional. 12º ed. Buenos Aires: Editorial Médica Panamericana; 2015. p. 678-96.
8. Organización de las Naciones Unidas (ONU). La Declaración

- Universal de los Derechos Humanos [Internet]. 1948 [citado 12 de abril do 2020]. Disponible en: <https://www.un.org/es/universal-declaration-human-rights/>
9. Constitución Española. Boletín Oficial del Estado. Legislación Consolidada [Internet]. nº 311, (29-12-1978). Disponible en: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1978-31229>
 10. INEbase[internet]. Madrid: Instituto Nacional de Estadística; 2018 [citado 12 de abril do 2020]. Disponible en: <https://www.ine.es/dynt3/inebase/es/index.htm?padre=5425&capsel=5430>
 11. Ley General de derechos de las personas con discapacidad y su inclusión social. Boletín Oficial del Estado. nº 289 (3-12-2013). Disponible en: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2013-12632>
 12. Nevala N, Pehkonen I, Teittinen A, Vesala HT, Pörtfors P, Anttila H. The Effectiveness of Rehabilitation Interventions on the Employment and Functioning of People with Intellectual Disabilities: A Systematic Review [Internet]. Journal of Occupational Rehabilitation. Springer New York LLC; 2019 [citado 19 de novembro do 2019]. p. 773-802. Disponible en: <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pubmed/31098847>
 13. Gilson CB, Carter EW, Biggs EE. Systematic Review of Instructional Methods to Teach Employment Skills to Secondary Students with Intellectual and Developmental Disabilities. Res Pract Pers with Sev Disabil. 2017 [citado 22 de abril do 2020];42(2):89-107.
 14. Negri MI, Leiva JJ. Liderazgo de los docentes de formación profesional básica para la mediación escuela-empleo del alumnado con diversidad funcional intelectual. Context Educ Rev Educ [Internet]. 2019 [citado 20 de abril do 2020];24(24):95-111. Disponible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7114179>
 15. Riaño A, Rodríguez A, García R, Álvarez E. La transición a la vida

activa de las personas con discapacidad: expectativas familiares y grado de ajuste al trabajo. Rev bras educ espec [Internet]. 2014 [citado 22 de noviembre do 2019];283-302. Disponible en: http://www.scielo.br/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1413-65382014000200010

16. Verdugo MÁ. Conceptos clave que explican los cambios en las discapacidades intelectuales y del desarrollo en España. Siglo Cero Revista Española sobre Discapacidad Intelectual [Internet]. 2018;49(1):35. Disponible en: <https://revistas.usal.es/index.php/0210-1696/article/view/scero20184913552>
17. Petner-Arrey J, Howell-Moneta A, Lysaght R. Facilitating employment opportunities for adults with intellectual and developmental disability through parents and social networks. Disabil Rehabil [Internet]. 9 de abril de 2016 [citado 26 de abril de 2020];38(8):789-95. Disponible en: <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pubmed/26114628>
18. Romeo M, Yepes-Baldó M. Future work and disability: Promoting job motivation in special employment centers in Spain. Int J Environ Res Public Health [Internet]. 2 de abril de 2019 [citado 26 de abril de 2020];16(8):11. Disponible en: <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pubmed/31022862>
19. Álvarez I, Vega V, Spencer H, González F, Arriagada R. Adultos chilenos con discapacidad intelectual: creencias, actitudes y percepciones parentales sobre su autodeterminación. Siglo Cero Revista Española sobre Discapacidad Intelectual [Internet]. 2019 [citado 15 de abril do 2020];50(2):51. Disponible en: <https://revistas.usal.es/index.php/0210-1696/article/view/scero20195025172/20412>
20. Ruiz S, Rodríguez P, Izuzquiza D. Personal assistants in the promotion of independent living for persons with intellectual disability: a basic and applied investigation.[internet] 2018 [citado 5 de abril do

- training, employment, and community for integration for persons with cognitive impairments. *Am J Occup Yherapy* [Internet]. 1994 [citado 21 de noviembre d 2019];48(5):446-51. Disponible en: <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pubmed/8042688>
28. Barrios S. El papel del terapeuta ocupacional en un centro ocupacional para personas con discapacidad. *TOG (A Coruña)* [Internet]. 2011 [citado 16 de abril do 2020];8:17. Disponible en: <http://www.revistatog.com/num14/pdfs/original5.pdf>
29. Taylor S, Bogdan R. Introducción a los métodos cualitativos de investigación. Paidós. 1987. 344 p.
30. Flick U. Introducción a la investigación cualitativa. 3º ed. Morata. 2012. 322 p.
31. Maykut PS, Morehouse R. *Beginning Qualitative Research: A Philosophic and Practical Guide* [Internet]. 1994 [citado 27 de abril do 2020]. Disponible en: <https://books.google.es/books?hl=es&lr=&id=BmAABIZQwGIC&oi=fnd&pg=PR8&dq=beggining+qualitative+research+a+philosophic+and+practical+guide&ots=-MiYYQnRae&sig=FDC3s7MP0WKS1YIt3YvQ-6JeTMs#v=onepage&q=beggining+qualitative+research+a+philosophic+and+practical>
32. Ley 45/2007, para el desarrollo sostenible del medio rural [Internet]. BOE nº299 (14-12-2007). Disponible en: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-21493>
33. Díaz Bravo L, Torruco García U, Hernández Martínez M, Varela Ruiz M. La entrevista, recurso flexible y dinámico. 2013 [citado 27 de abril do 2020]; Disponible en: http://www.scielo.org.mx/scielo.php?pid=S2007-50572013000300009&script=sci_arttext
34. D'Eath M, Blitz N, Fay B, Kelly A, McCarthy A, Magliocco G, et al.

Guidelines for Researchers when Interviewing People with an Intellectual Disability.[internet] 2005 [citado 10 de maio do 2020];8. Disponible en: [http://www.fedvol.ie/_fileupload/File/Interviewing Guidelines%281%29.pdf](http://www.fedvol.ie/_fileupload/File/Interviewing%20Guidelines%281%29.pdf)

35. World Medical Association. Declaración de Helsinki 2008 [Internet]. 2008 [citado 27 de abril do 2020]. Disponible en: <https://www.wma.net/what-we-do/medical-ethics/declaration-of-helsinki/doh-oct2008/>
36. Instrumento de Ratificación del Convenio para la protección de los derechos y la dignidad del ser humano con respecto a las aplicaciones de la Biología y la Medicina [Internet] BOE. nº 251 (20-10-1999). Disponible en: <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1999-20638>
37. Reglamento (UE) 2016/679 del parlamento europeo y del consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos. DOUE. nº 119; 2016
38. Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales [Internet].BOE nº 294. Disponible en: <https://www.boe.es/eli/es/lo/2018/12/05/3>
39. Moro B. Diccionario de Términos Ocupacionales [Internet]. 2019 [citado 18 de mayo de 2020]. 221 p. Disponible en: https://books.google.es/books?id=KQ6_DwAAQBAJ&printsec=frontcover&dq=glosario+de+terminos+de+terapia+ocupacional&hl=es&sa=X&ved=0ahUKEwjh6OHd2LXpAhX4DWMBHTQqDVQQ6AEIJzAA#v=onepage&q=fortalezas&f=false

Apéndices

Apéndice I : Listado de abreviaturas

AAIDD: Asociación Americana de Discapacidades Intelectuais e do Desenvolvemento.

AOTA: American Occupational Therapy Association.

BEDPD: Base Estatal de Datos de Persoas con valoración do Grao de Discapacidade.

CEE: Centro Especial de Emprego.

CEIC: Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia.

CI: Consentimento Informado.

CIE: Clasificación Internacional das Enfermidades.

CIF: Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde.

CO: Centro Ocupacional.

DI: Discapacidade Intelectual.

DUDH: Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

DSM: Manual Diagnóstico e Estatístico dos Trastornos Mentais.

EO: Emprego Ordinario.

ONU: Organización das Nacións Unidas.

RAG: Real Academia Galega.

SERGAS: Servizo Galego de Saúde.

TO: Terapia Ocupacional.

WFOT: World Federation of Occupational Therapists.

Apéndice II: Guión entrevista para as persoas con discapacidade intelectual

Sexo:

Idade:

Grao DI:

Dispositivo:

- Que valor ten para vostede o traballo?
- En que cambiou/cambiaría o feito de ter un traballo na súa vida? Que lle aporta/ aportaría ter un traballo?
- Tivo algunha experiencia asociada ao traballo? Algunha entrevista? Cóntanos a súa experiencia
- Considera que o centro no que está actualmente lle axuda ou lle axudou para poder conseguir un posto laboral? Se é así, que medios lle proporcionaron? Recibe apoio por parte da súa familia ou compañeiros? Se é así, como lle axudan?
- Cal cre que son as principais dificultades para o seu acceso ó traballo? Que cousas lle axudarían a obter un traballo?
- No caso de que tivera algunha experiencia laboral, cales foron as dificultades que tivo nese traballo? E cales foron as facilidades?
- Que cre que opina a xente, sobre que as persoas con DI teñan un traballo?
- Considera que se deberían proporcionar máis axudas para incrementar as oportunidades laborais para as persoas con discapacidade intelectual?

Apéndice III: Guión entrevista para os profesionais

Sexo:

Idade:

Profesión:

- Que é para vostede a discapacidade intelectual?
- Considera importante que as persoas con DI presenten un traballo?
Por que?
- Como cre que perciben as persoas con DI o seu desempeño?
- Actualmente coñece algunha vía que fomente a inserción laboral?
Descríbaas. Que opina sobre estas axudas?
- Cre que debería haber máis oportunidades laborais para as persoas con DI? Como orientaría a unha persoa con DI?
- Considera que existen barreiras que dificultan o acceso laboral? Se é así, cales? Dende a súa experiencia
- Coñece casos de persoas con DI que accederon a un posto ordinario? Se é así, considera que existen factores que puideron influír?
- Considera que existen diferenzas entre o ámbito rural e o urbano á hora de obter un posto laboral? Explique as diferenzas
- Diferencias entre actividades laborais en ámbito rural e urbano.
- Sabe que é a Terapia Ocupacional? Que pode aportar a Terapia Ocupacional ao emprego?

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

Apéndice IV: Folla de información ao participante

Título do estudo: Perspectiva cualitativa sobre o acceso ao traballo das persoas con discapacidade intelectual no medio rural.

Investigador: Xeila Pose García, alumna de 4º Grao de Terapia Ocupacional na Universidade de A Coruña.

Centro: -----

As persoas que dirixen este traballo de fin de grao son Patricia Concheiro Moscoso, terapeuta ocupacional e Betania Groba González, terapeuta ocupacional e docente na Universidade da Coruña.

O presente documento ten por obxecto facerlle chegar a información detallada sobre o mencionado **estudo de investigación** o que se lle invita a participar e que se desenrolará coa súa colaboración.

No caso de que decida participar, deberá recibir información personalizada por parte da alumna investigadora, **ler antes este documento** e facer todas as preguntas que precise para comprender os detalles do mesmo. Se quere, pode levar este documento, consultalo con outras persoas, e tomar o tempo necesario para decidir se quere participar ou non.

A participación neste estudo é completamente **voluntaria**. Vostede pode decidir non participar ou, se acepta facelo, cambiar de parecer retirando o consentimento en calquera momento sen a obrigaón de dar explicacións.

Cal é a finalidade do estudo?

O propósito do estudo é explorar e describir o significado concedido ao traballo e á inclusión sociolaboral no medio rural por parte das persoas con DI e dos profesionais.

Por que me ofrecen participar a min?

Vostede é convidado a participar xa que cumpre os criterios de inclusión do estudo, ou é unha persoa con DI ou profesional do ámbito.

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

En que consiste a miña participación?

Vostede será sometido a unha entrevista, a cal será realizada pola investigadora; esta poderá ser gravada a través de un teléfono móbil ou tablet, se vostede o permite.

A súa participación terá unha duración total estimada de quince minutos.

Que molestias ou inconvenientes ten?

A súa participación non implica molestias adicionais ás da realización da entrevista.

Obtereire algún beneficio por participar?

Non se espera que vostede obteña beneficio directo por participar no estudo. A investigación pretende descubrir aspectos descoñecidos ou pouco claros sobre o acceso ao traballo das persoas con discapacidade intelectual nun entorno rural. Esta información poderá ser de utilidade nun futuro para outras persoas.

Recibireire a información que se obteña do estudo?

Se vostede o desexa, facilitaráselle un resumo dos resultados do estudo.

Publicaranse os resultados deste estudo?

Os resultados do estudo serán incluídos no traballo de fin de grao de Terapia Ocupacional de Xeila Pose García, estes poderán ser publicados posteriormente en revistas ou congresos. Aínda que, en ningún momento se transmitirá ningún dato que poda levar á identificación dos participantes deste estudo.

Información referente aos seus datos:

A obtención, tratamento, conservación, comunicación e cesión dos seus datos farase conforme ao disposto Regulamento Xeral de Protección de Datos (Regulamento UE 2016-679 do Parlamento europeo e do Consello do 27 de abril do 2016), a normativa española sobre protección de datos de carácter persoal vixente, e a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro.

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

A institución na que se desenvolve esta investigación é a responsable do tratamento dos seus datos, podendo contactar coa Delegada de Protección de datos a través dos seguintes medios: enderezo electrónico:...../Tfno:.....

Os datos necesarios para levar a cabo este estudo serán recollidos e conservados de modo:

- **Seudonimizados (Codificados)**, a seudonimización é o tratamento de datos persoais de maneira tal que non poden atribuírse a un/a interesado/a sen que se empregue información adicional. Neste estudo só o equipo investigador coñecerá o código que permitirá saber a súa identidade.

A normativa que rixe o tratamento de datos de persoas outórgalle dereito a acceder aos seus datos, opoñerse, corrixilos, cancelalos, limitar o seu tratamento, restrinxir ou solicitar a supresión dos seus datos. Tamén pode solicitar unha copia dos mesmos ou que esta sexa remitida a un terceiro (dereito de portabilidade).

Para exercer estes dereitos pode vostede dirixirse á Delegada de Protección de Datos do centro a través dos medios de contacto antes indicados ou á investigadora principal deste estudo no enderezo electrónico:.....e/ou no Tfno:

Así mesmo, vostede ten dereito a interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, cando considere que algún dos seus dereitos non foron respectados.

So a investigadora e as directoras da investigación, que teñen deber de gardar a confidencialidade, terán acceso a todos os datos recollidos no estudo. Poderase transmitir a terceiros información que non poida ser identificada. No caso de que algunha información sexa transmitida a outros países, realizarase cun nivel de protección dos datos equivalente, como mínimo, ao esixido pola normativa española e europea.

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

Ao rematar o estudo, ou o prazo legal establecido, os datos recollidos serán eliminados ou gardados anónimos para o seu uso en futuras investigacións, segundo o que vostede escolla na folla de firma do consentimento.

Existen intereses económicos neste estudo?

Ningunha das persoas implicadas neste estudo (investigadora, directoras e participantes) recibirán retribución algunha pola dedicación de dito estudo

Quen me pode dar máis información?

Vostede pode contactar con Xeila Pose García no teléfono.....
e/ou no correo electrónico.....

Moitas gracias pola súa colaboración.

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

Apéndice V: Folla de información ao participante (adaptada)

Título do estudo: Perspectiva cualitativa sobre o acceso ao traballo das persoas con discapacidade intelectual no medio rural.

Investigador: Xeila Pose García, alumna de 4º Grao de Terapia Ocupacional na Universidade de A Coruña.

Centro: -----

As persoas que dirixen este traballo de fin de grao son Patricia Concheiro Moscoso, terapeuta ocupacional e Betania Groba González, terapeuta ocupacional e docente na Universidade de A Coruña.

Son Xeila Pose García, unha estudante de 4º de Terapia Ocupacional que teño que facer un traballo para a universidade.

O presente documento ten por obxecto facerlle chegar a información detallada sobre o mencionado **estudo de investigación** o que se lle invita a participar e que se desenrolará coa súa colaboración.

No caso de que decida participar, deberá recibir información personalizada por parte da alumna investigadora, **ler antes este documento** e facer todas as preguntas que precise para comprender os detalles do mesmo. Se quere, pode levar este documento, consultalo con outras persoas, e tomar o tempo necesario para decidir se quere participar ou non.

A participación neste estudo é completamente **voluntaria**. Vostede pode decidir non participar ou, se acepta facelo, cambiar de parecer retirando o consentimento en calquera momento sen a obrigaón de dar explicacións.

A túa participación é voluntaria. Se nalgún momento decides non participar so tes que dicilo.

Cal é a finalidade do estudo?

O propósito do estudo é explorar e describir o significado concedido ao traballo e á inclusión sociolaboral no medio rural por parte das persoas con DI e dos profesionais.

Por que me ofrecen participar a min?

Vostede é convidado a participar xa que cumpre os criterios de inclusión do estudo, ou é unha persoa con DI ou profesional do ámbito.

Podes participar porque es unha persoa con discapacidade intelectual

En que consiste a miña participación?

Vostede será sometido a unha entrevista, a cal será realizada pola investigadora; esta poderá ser gravada a través de un teléfono móbil ou tablet, se vostede o permite.

A súa participación terá unha duración total estimada de quince minutos.

Teño que facerche unha entrevista. Esta será gravada e necesito o teu permiso para gravarte.

Que molestias ou inconvenientes ten?

A súa participación non implica molestias adicionais ás da realización da entrevista.

Obtereí algún beneficio por participar?

Non se espera que vostede obteña beneficio directo por participar no estudo. A investigación pretende descubrir aspectos descoñecidos ou pouco claros sobre o acceso ao traballo das persoas con discapacidade intelectual nun entorno rural. Esta información poderá ser de utilidade nun futuro para outras persoas.

Non obterá beneficio directo por participar no estudo.

Recibirei a información que se obteña do estudo?

Se vostede o desexa, facilitaráselle un resumo dos resultados do estudo.

Se queres contareiche os resultados.

Publicaranse os resultados deste estudo?

Os resultados do estudo serán incluídos no traballo de fin de grao de Terapia Ocupacional de Xeila Pose García, estes poderán ser publicados posteriormente en revistas ou congresos. Aínda que, en ningún momento se transmitirá ningún dato que poda levar á identificación dos participantes deste estudo.

Os resultados poden publicarse en revistas, pero nunca se poderá saber o teu nome.

Información referente aos seus datos:

A obtención, tratamento, conservación, comunicación e cesión dos seus datos farase conforme ao disposto Regulamento Xeral de Protección de Datos (Reglamento UE 2016-679 do Parlamento europeo e do Consello do 27 de abril do 2016), a normativa española sobre protección de datos de carácter persoal vixente, a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro.

A institución na que se desenvolve esta investigación é a responsable do tratamento dos seus datos, podendo contactar coa Delegada de Protección de datos a través dos seguintes medios: enderezo electrónico:...../Tfno:.....

Os datos necesarios para levar a cabo este estudo serán recollidos e conservados de modo:

- **Seudonimizados (Codificados)**, a seudonimización é o tratamento de datos persoais de maneira tal que non poden atribuírse a un/a interesado/a sen que se empregue información adicional. Neste

Perspectiva cualitativa sobre o traballo das persoas con DI no medio rural

estudo só o equipo investigador coñecerá o código que permitirá saber a súa identidade.

A normativa que rixe o tratamento de datos de persoas outórgalle dereito a acceder aos seus datos, opoñerse, corrixilos, cancelalos, limitar o seu tratamento, restrinxir ou solicitar a supresión dos seus datos. Tamén pode solicitar unha copia dos mesmos ou que esta sexa remitida a un terceiro (dereito de portabilidade).

Para exercer estes dereitos pode vostede dirixirse á Delegada de Protección de Datos do centro a través dos medios de contacto antes indicados ou á investigadora principal deste estudo no enderezo electrónico:.....e/ou no Tfno:

Así mesmo, vostede ten dereito a interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, cando considere que algún dos seus dereitos non foron respectados.

So a investigadora e as directoras da investigación, que teñen deber de gardar a confidencialidade, terán acceso a todos os datos recollidos no estudo. Poderase transmitir a terceiros información que non poida ser identificada. No caso de que algunha información sexa transmitida a outros países, realizarase cun nivel de protección dos datos equivalente, como mínimo, ao esixido pola normativa española e europea.

Ao rematar o estudo, os datos recollidos, ou o prazo legal establecido, serán eliminados ou gardados anónimos para o seu uso en futuras investigacións segundo o que vostede escolla na folla de firma do consentimento

Eu son a encargada de que ninguén saiba os teus datos como di a lei.

Existen intereses económicos neste estudo?

Ningunha das persoas implicadas neste estudo (investigadora, directoras e participantes) recibirán retribución algunha pola dedicación de dito estudo

Ninguén cobra por realizar este traballo.

Quen me pode dar máis información?

Vostede pode contactar con Xeila Pose García no teléfono.....
e/ou no correo electrónico.....

Moitas gracias pola súa colaboración.

Apéndice VI: Documento de consentimento para a participación no estudo de investigación

TÍTULO: _____

Eu, _____

- Lin a folla de información ao participante do estudo arriba mencionado que se me entregou, puiden conversar con Xeila Pose García e facer todas as preguntas sobre o estudo necesarias.
- Comprendo que a miña participación é voluntaria, e que podo retirarme do estudo cando queira, sen ter que dar explicacións.
- Accedo a que se utilicen os meus datos nas condicións detalladas na folla de información ao participante.
- Permito a gravación da entrevista a través de dispositivos electrónicos tales como, gravadora, teléfono móbil, ordenador ou tablet.
- Presto libremente a miña conformidade para participar neste estudo.

Ao rematar o estudo, os meus DATOS acepto que sexan:

- Eliminados.
- Conservados anonimizados para usos futuros noutras investigacións.

Asinado.: O/a participante,

Asinado: A investigadora que solicita o consentimento

Nome e apelidos: _____ Nome e apelidos: _____

Data:

Data:

Apéndice VII: Documento de consentimento para representante legal para a participación no estudo de investigación

TÍTULO: _____

Eu , _____ representante legal de _____

Lin a folla de información ao participante do estudo arriba mencionado que se me entregou, puiden conversar con: Xeila Pose García e facer todas as preguntas sobre o estudo.

- Comprendo que a súa participación é voluntaria, e que pode retirarse do estudo cando queira, sen ter que dar explicacións e sen que isto repercuta nos seus coidados médicos.
- Accedo a que se utilicen os seus datos nas condicións detalladas na folla de información ao participante.
- Permito a gravación da entrevista a través de dispositivos electrónicos tales como, gravadora, teléfono móbil, ordenador ou tablet.
- Presto libremente a miña conformidade para que participe neste estudo.

Ao rematar o estudo, os seus DATOS acepto que sexan:

- Eliminados.
- Conservados anonimizados para usos futuros noutras investigacións.

Asinado.: O/a representante legal,

Asinado: A investigadora que solicita o consentimento

Nome e apelidos: _____ Nome e apelidos: _____

Data:

Data: